

Directrices para a mellora do Acollemento Alumnado Distancia

Curso: 2021-2022

Rev. 0. Data: 10/06/2021

TEMAS IMPORTANTES

PARA

O ALUMNADO DE DISTANCIA

1. MODALIDADE DE IMPARTICIÓN DA MATERIA.

Como xa sabedes, na modalidade a distancia, temos unha plataforma informática desde a que o voso profesorado poñerá en contacto convosco, subirá á mesma os contidos da materia, propostas de exercicios, responderá dúbidas no foro, faravos comunicacións importantes como notas, etc.

En distancia, tedes tamén unhas titorías cada semana no centro, nas que o profesorado estará á vosa disposición para resolver dúbidas, exercicios, explicar a materia,... Estas titorías presenciais non son obrigatorias.

Normalmente, e se as cousas non cambian este curso que empeza:

- ◆ As titorías presenciais serán polas tardes.
- ◆ Os calendarios das tutorías presenciais estarán colgados na web do centro e na plataforma.

2. CÓMO ACCEDER A PLATAFORMA.

Como xa imaxinariades, é fundamental ter acceso á plataforma. Ésto conséguese a principio de curso seguindo uns sinxelos trámites, pero é necesario facelos ben, doutra forma tardaredes máis en ter o acceso.

Para acceder á plataforma de distancia: www.edu.xunta.es/fpadistancia, é necesario introducir o voso nome de usuario (Exemplos: ue26846@edu.xunta.es o nombre@edu.xunta.gal) e o voso contrasinal).

Cómo crear una conta usuario de correo electrónico coa extensión: “@edu.xunta.es ou “@edu.xunta.gal”.

No sobre de solicitude de matrícula que entregaredes nas oficinas do CIFP Politécnico de Santiago, tedes que indicar, entre outros datos, unha dirección de correo vosa (yahoo, hotmail, gmail...a que sexa). **É importante que a teñades operativa**, porque a esta dirección de correo chegaranos as indicacións desde a Consellería de Educación, para conseguir unha conta de correo coa extensión que necesitamos.

Seguindo esas indicacións, habilitaredes tamén un contrasinal para acceder á plataforma.

Unha vez sigades esas indicacións, nunhas 48 horas teredes habilitados os permisos para acceder á plataforma.

Que pasa se, aínda seguindo estes pasos, teño problemas para acceder á plataforma?
Para solucionar ou evidenciar problemas na plataforma, podedes contactar con:

- A Unidade de Atención de Centros, chamando ao número de teléfono **881997701** ou ben enviar un correo electrónico uac@edu.xunta.es.
Debedes indicar a seguinte información:
 - Centro educativo.
 - DNI e nome completo del alumno/a.
 - Dirección de correo electrónico do alumno/a.
 - Ciclo Formativo no está matriculado/a.
 - Motivo da incidencia.

3. MANEXO DA PLATAFORMA.

Na plataforma tedes a disposición unha **guía do alumnado**, que vos recomendamos leades atentamente e que vos ensinará a utilizar a plataforma dunha forma sinxela.
En caso de dúbidas, o profesorado do módulo e a persoa encargada da titoría do módulo, resolverán-volas

4. ¿DE QUE MÓDULOS ME MATRICULO?

Podésvos matricular dos módulos que queirades, a condición de que o número de horas de docencia, en conxunto, **non supere o límite das 1000 horas**. Lembrar que primeiro se realiza a preinscrición e posteriormente hai que realizar a matrícula unha vez salga a lista definitiva de solicitude.

Para mais información sobre os prazos de admisión:

https://www.politecnicodesantiago.es/prazos_fp_2021_2022

<http://www.edu.xunta.gal/fp/informacion-xeral>

Itinerarios formativos propostos para ou réxime de persoas adultas nas modalidades presencial e a distancia

Unicamente como orientación, informámosvos de que no ciclo a distancia que temos no centro de CS Sistemas de telecomunicacións e informáticos, a asignación que se fai, para módulos de primeiro e segundo curso é a seguinte:

1. Primeiro curso, impartense os módulos de:

- Configuración de infraestruturas de sistemas de telecomunicacións (duración 107 horas).
- Elementos de sistemas de telecomunicacións (duración: 240 horas).
- Sistemas informáticos e redes locais (duración: 213 horas).
- Técnicas e procesos en infraestruturas de telecomunicacións (duración: 160 horas).
- Sistemas de telefonía fixa e móbil (duración: 160 horas).
- Formación y orientación laboral (duración: 107 horas).

Segundo curso, impartense os módulos de:

- Sistemas de produción audiovisual (duración: 174 horas).
- Redes telemáticas (duración: 105 horas).
- Sistemas de radiocomunicacións (duración: 105 horas).
- Sistemas integrados e fogar dixital (duración: 123 horas).
- Xestión de proxectos de instalacións de telecomunicacións. (duración: 70 horas)
- Empresa e iniciativa emprendedora (duración: 53 horas).

Con todo, como a vosa formación é modular, non habería problema en matricularse indistintamente en módulos de primeiro e segundo curso, sempre que non excedamos o número de horas límite de impartición. É conveniente matricularse dos módulos de primeiro curso, se é posible, polo menos dos módulos de soporte.

Para maior información podeades seguir as recomendacións para cursar un ciclo formativo polo réxime de persoas adultas nas modalidades presencial e a distancia de cada ciclo na seguinte dirección web, seleccionando a familia e o ciclo correspondente:

<https://www.edu.xunta.es/fp/itinerarios-adultos>



Cando estean superados todos os módulos anteriores, e só entón, será posible matricularse nos dous últimos módulos do ciclo, que son “Formación en centros de traballo” e “Proxecto de sistemas de telecomunicacións e informáticos”.

5. ¿QUÉ VOU ESTUDAR EN CADA MÓDULO?

Á hora de decidir os módulos nos que vos váis a matricular e enfocar o estudo con éxito, mesmo en base aos vosos coñecementos anteriores, pódemos ser de utilidade coñecer que é o que se vai a impartir en cada módulo.

Podedes obter esta información moi facilmente na páxina web da Consellería de Educación para Formación Profesional, na ligazón:

<http://www.edu.xunta.es/fp/familias-profesionais>

onde sae a seguinte páxina:



Na parte inferior da imaxe escolledes a familia profesional de “electrecidade e electrónica” e o Grao Superior, dádeslle a “Procurar”co que visualizariades:



Familia profesional		Grao	
Electricidade e electrónica		superior	
Procurar			
Electricidade e electrónica			
		Doc	DOG
LOE	SELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	  
LOE	SELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos	  
LOE	SELE03	Automatización e robótica industrial	  
LOE	SELE04	Mantemento electrónico	  

Accediendo al pdf, tenéis un documento que os indica las competencias que váis a conseguir con este ciclo, en qué váis a trabajar y, a partir de la página 22 del documento (ver índice), todos los módulos profesionales que váis a cursar en este ciclo.

Accedendo ao pdf, tedes un documento que vos indica as competencias que conseguiredes con este ciclo, no que ides a traballar e, a partir da páxina 22 do documento (ver índice), todos os módulos profesionais que cursaredes neste ciclo.

Por último, informarnos de que estedes atentos a páxina web do centro:

<https://www.politecnicodesantiago.es/>

Porque nela publicarase a data da presentación de distancia e o espazo do centro, en setembro, na que a persoa encargada da titoría e o resto do profesorado do ciclo presentaranse, daránvos indicacións e responderán as dúbidas que poidades ter. Tamén podedes preguntar pola data de presentación na conserxería do centro.

En caso de non poder asistir a esta presentación, informámosvos de que estas indicacións subiranse á plataforma e se o problema é o acceso á plataforma, lembrade o punto 2 destas indicacións.

Esperámosvos en setembro, benvid@s!!!

Santiago, 10 de Junio de 2021

Departamento. Calidade & Innovación